

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VIRXE DA PENA DA SELA

CURSO: 1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIA: INGLÉS

DATA: 09/05/2020

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Resáltanse con cor vermella os criterios de avaliación e os estándares relacionados coas **actividades de repaso, reforzo e recuperación**; os entroncados coas **actividades de ampliación** réalzanse con cor verde.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p><b>B1.1.</b> Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.</p>	<p><b>PLEB1.1.</b> Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.</p>
<p><b>B2.3.</b> Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.</p>	<p><b>PLEB2.3.</b> Amosa unha actitude de escoita atenta.</p>
<p><b>B3.1.</b> Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.</p>	<p><b>PLEB3.1.</b> Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.</p>
<p><b>B3.2.</b> Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto.</p>	<p><b>PLEB3.2.</b> Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.</p>
<p><b>B4.1.</b> Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais</p>	<p><b>PLEB4.1.</b> Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá. <b>PLEB4.3.</b> Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.</p>

signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	
<b>B5.9.</b> Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. ex. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores elementais como e).	<b>PLEB5.4.</b> Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you).
<b>B5.10.</b> Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.	<b>PLEB5.10.</b> Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas.
<b>B5.11.</b> Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.	
<b>B5.12.</b> Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais, moi familiares e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.	<b>PLEB5.12.</b> Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: A avaliación será continua e global e terá en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas, tal e como se reflexa no Plan Xeral de Avaliación do centro.</p> <p>Realizarase tendo en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- As aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres.</li><li>- As actividades de recuperación, repaso, reforzo e as de ampliación das aprendizaxes anteriores (1º e 2º trimestres) que se desenvolvan durante o terceiro trimestre. Esta avaliación do 3º trimestre servirá para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.</li><li>- Análise e valoración cuantitativa e cualitativa do avance individual do alumnado.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>- Instrumentos: Utilízanse distintos instrumentos de avaliación que permiten valorar os distintos grados de realización das aprendizaxes:<ul style="list-style-type: none"><li>• Actitude.</li><li>• Observación diaria: valoración do traballo diario.</li></ul></li></ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final de curso dependerá da:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Valoración do resultado académico acadado durante a primeira e a segunda avaliación máis do resultado da realización de tarefas de repaso, reforzo, recuperación e, ou, ampliación durante o terceiro trimestre.</li></ul>

	<ul style="list-style-type: none"><li>- O traballo do terceiro trimestre será valorado en función dos procedementos e instrumentos mencionados con anterioridade.</li></ul>
--	---

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>O desenvolvemento das actividades estrutúrase arredor das catro destrezas básicas da comunicación oral e escrita:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Ler: lectura de textos provenientes de diversas fontes: libro de texto, blog de inglés...</li><li>• Escribir: exercicios do libro de texto...</li><li>• escoitar: audios subidos ao blog de inglés, visionado de documentos audiovisuais e de curtametraxes educativas...</li><li>• Falar: audios gravados polo alumnado e enviados por teléfono.</li></ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Todo o alumnado ten conectividade e está en contacto co mestre de inglés a través do seu blog, así como por teléfono (as familias teñen o número persoal do mestre).
<b>Materiais e recursos</b>	Os recursos físicos dos que dispoñen son folios ou cadernos e dispositivos electrónicos.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Informaremos ás familias a través dos blogs do centro.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.